

Protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Coca-Cola European Partners, SLU (CCEP IBERIA) para colaborar na convocatoria do 13º Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou con Coca-Cola European Partners, SLU o protocolo arriba referido por un período de vixencia que abrangueu dende a súa sinaturao 30 de decembro de 2022.

Que o protocolo de colaboración tivo por obxecto fixar as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Coca-Cola European Partners, SLU, para colaborar conxuntamente no desenvolvemento do do 13º Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o protocolo de colaboración fundamentouse no seguinte:

Que ambas as dúas entidades foron conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia e, que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e que adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua.

Que as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.



Que así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na xuventude, co que se lle pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar o seu uso neste colectivo, para o que o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a xuventude, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o ocio, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego.

Que, de acordo co citado marco legal, lle corresponde ao Goberno galego garantir o uso efectivo deste dereito e arbitrar as medidas necesarias para promover a implantación progresiva da lingua galega, de maneira que a cidadanía en todos os ámbitos sociais coñeza en igual medida o galego e o castelán, responsabilidade na que tamén deben de colaborar todas as institucións e entidades que exercen a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificada a sinatura dun protocolo de colaboración, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

